



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DISCURSO DO ALCALDE CON MOTIVO DA INAUGURACIÓN DO CONGRESO INTERNACIONAL *1936, UN NOVO RELATO. 80 ANOS ENTRE HISTORIA E MEMORIA* (18-07-2016)

Para un alcalde é bastante habitual participar no acto de abertura dun Congreso, aínda máis nunha cidade como Compostela na que temos a sorte de contar cunha Universidade que, ademais de ser máis de cinco veces centenaria, é das mellores e máis avanzadas en moitas materias e campos da investigación científica.

Precisamente o obxecto de estudo que hoxe nos reúne aquí é un deses nos que a Universidade de Santiago destaca e se significa fronte a outras institucións. Esta Facultade na que nos encontramos hoxe ten sido punteira en recoller esa demanda social que exixía á nosa maior institución académica e intelectual que loitase contra o esquecemento, que nos axudase a reflexionar sobre a memoria, que nos orientase -si, a nós, aos xestores do público tamén- para que puidésemos desenvolver unhas políticas da memoria que fosen radicalmente diferentes das que se teñen imposto desde 1936. Hai 80 anos.

Os aniversarios redondos semellan sempre boas escusas para reflexionar sobre o pasado. Aconteceu no 2006 cando o goberno de Galiza declarou ese ano como da memoria. E volta acontecer agora, cando volvamos sobre ese fatídico verán no que tal día como hoxe, 18 de xullo, se iniciaba a destrución da máis avanzada democracia da que nos tínhamos dotado ate aquel momento. Tal día como hoxe no que se iniciaba, tamén, a construción do noso presente actual. Así como das políticas de memoria impulsadas polos vencedores. Unha memoria na que nos inculcaron que mellor non remexer demasiado, que mellor non facer preguntas, non cuestionarnos,... Un tempo do que, durante moitos anos, semellaba non íamos poder historiar, do cal non conseguiríamos atinxir un coñecemento histórico. Un feito totalmente inaceptábel se o noso obxectivo é impulsar unha sociedade máis xusta e igualitaria. Construír futuro se facer historia, sen coñecer o pasado. Iso é tarefa inviábel.

Como ben sabedes, a única certeza que temos sobre o pasado é que estamos

diante dum territorio estraño e descoñecido. Aínda que é habitual que sobre este pasado se coloquen sentenzas categóricas e que se realicen máis afirmacións que hipóteses, os que centrades o voso traballo no estudo do pasado sabedes que as certezaas nunca son boas compañeiras de viaxe.

Comezaba a miña intervención, comentando que é habitual para un alcalde participar no acto inaugural dun congreso. Sen embargo este é especial, primeiro polo comentado anteriormente e segundo porque desde o Concello de Santiago sentímonos moi satisfeitos por ser colaboradores do Congreso, por axudar a adaptalo á realidade histórica da nosa cidade e por conseguir abri-lo a toda a cidadanía de Compostela.

Desde o goberno municipal sabíamos a responsabilidade que nos correspondía ao estarmos obrigados a lembrar o 36, tamén en Santiago. Non o queríamos facer con sentenzas e si con interrogantes. É por iso que, hai uns meses, cando os amigos e amigas de Histagra nos presentaron este evento, que hoxe inauguramos, quixemos ver como podíamos colaborar.

Como Concello marcámonos un obxectivo facilitar que a nosa veciñanza poida indagar na nosa memoria, tamén neses pasados incómodos que é preciso non esquecermos. É de vital importancia preguntármonos sobre eses verán de 1936, durante as nosas benqueridas festas do Apóstolo, como foi posíbel que nunha cidade plural e republicana, como era a Compostela da época, en tan só unhas semanas triunfara a sublevación e se convertese nunha urbe gris e cun alto grao de represión?

Non é fácil falar destes pasados incómodos, vós sabedes ben isto, mais é necesario. Nos últimos anos avanzouse moito na reconceptualización da memoria e na construción dun coñecemento histórico centrado na guerra e tamén na República. Despois de 40 anos de franquismo e despois de 40 anos dun réxime do 78 construído sobre unha idea de reconciliación amparada nas razóns dos vencedores e cunha memoria tanto de vítimas como dos seus verdugos totalmente fragmentada compre recuperar a nosa Historia para o ben común.

É a nosa responsabilidade como gobernantes.

É a vosa responsabilidade como investigadores.

Benvidos e benvidas a Santiago de Compostela. Capital de Galiza e capital, tamén, da memoria.